



I TORNEO eSPORTS 2020 – CIDADE DA CORUÑA

A Concellaría de Deportes presenta o primeiro torneo de eSports Cidade de A Coruña (en diante Torneo) que se desenvolverá desde o próximo 17 de Abril e ó longo de diferentes roldas que se irán distribuindo principalmente en fins de semana en función do número total de participantes finais.

Nesta primeira edición se levará a cabo un campionato do videoxogo FIFA 20, (EA Games) desde a consola PlayStation 4.

Nin ElectronicArtsInc nin os seus licenciantes están afiliados a este torneo e tampouco o patrocinan.

O Torneo seguirá a seguinte normativa:

REGULAMENTO

I TORNEO FIFA 20 - CIDADE DA CORUÑA

1) CONDICIÓN XERAIS

Consola:	PlayStation4
Xogo:	FIFA 20
Modo:	Online
Formato:	Eliminatoria directa a unha volta, un contraun.

2) PARTICIPACIÓN

Poderán participar todos aqueles xogadores maiores de 16 anos con domicilio fixo no termo municipal de A Coruña. Deberán declarar que residen na cidade xunto cos datos que se indiquen para realizar a súa inscrición. No caso de estar empadroados no termo municipal da Coruña, bastará con sinalalo no momento da inscrición.

3) INSCRICIÓN

A inscrición ó Torneo é totalmente gratuíta e unicamente poderase realizar a través do formulario oficial da paxina web.

A inscrición ó Torneo supón a aceptación completa do presente Regulamento así como das decisións que se poidan chegar a tomar en cada momento e ante calquera asunto, incidencia, discrepancia, necesidade de interpretación, etc.

4) PRAZO DE INSCRICIÓN

Os interesados en participar no Torneo farán a súa inscrición ata as 23:00 horas do día 15 de Abril de 2020.



5) DATOS DE INSCRICIÓN

A inscrición poderán facela cumprimentando o formulario oficial do Torneo ó que se accederá desde o enlace publicado nas redes sociais e a páxina web da Concellaría de Deportes.

Non se aceptarán inscricións defectuosas ou nas que falten datos de carácter obrigatorio segundo o indicado anteriormente. Tampouco se contactará solicitando a corrección e/ou subsanación dalgún dato que faltase dos obrigatorios esixidos na inscrición.

Resérvase a potestade de non admitir inscricións con nomes ofensivos, malsoantes, vexatorios, pexorativos, así como aqueles que puideran conter alusións de carácter político, relixioso, etc.

6) LÍMITE DE PARTICIPANTES

Todos os inscritos confirmados, sempre e cando non foran obxecto de descualificación por algún dos motivos que o regulamento contempla, poderán disputar o Torneo e participar na recepción daqueles premios que poidan obter segundo se clasifiquen, e poderán entrar nos posibles sorteos daqueles regalos que se poidan sortear entre todos os inscritos independentemente da súa clasificación final.

En caso de detectarse algún dato falso, o participante afectado será descualificado non podendo recibir premio algún nin participar no sorteo final de regalos.

7) EQUIPOS, SORTEO DE PARTIDOS E XORNADAS

Cada participante escollerá o seu equipo de xogo entre os que dispoña a propia consola no modo de competición fixado. Está previsto (en función do número de participantes) que se poidan dar partidos entre un mesmo equipo dirixido polos participantes contendentes.

Levarase a cabo o sorteo de encontros que se comunicará xunto ó horario de xogo de cada xornada, a todos os interesados.

Disporase (segundo o caso) dos medios que favorezan a difusión e a comunicación do desenvolvemento do Torneo en plataformas, redes sociais, etc., ademais da conta oficial de email.

8) PARTIDOS

Pouco antes da hora do partido, o xogador que figure como “local” deberá preparar a súa PlayStation configurando os seguintes parámetros de xogo:

Duración de cada parte	6min
Controles	Calquera
Vel.de xogo	Normal
Tipodeplantilla	85GLOBAL

En caso de que no momento de axuste de parámetros aparecese a mensaxe “Hay disponible una actualización de plantilla o de juego. Debes aplicar las últimas actualizaciones para



entrar en un partido. Los cambios no guardadospodrían perderse”, se premerá na opción “Aceptar”. Posteriormente a isto, aparecerá a mensaxe “¿Quieres guardar esta plantilla? Se sobrescribirá tu plantilla actual.” recomendamos premer na opción “Si”.

9) INVITACIÓN ENTRE XOGADORES

O xogador que figure como “local” de cada encontro enviará entón a “invitación” correspondente ó xogador “visitante”, desde a PlayStation.

O xogador que figure como “visitante” deberá aceptar a “invitación” ata como moito 10 minutos despois da hora sinalada de comezo do partido. Pasado ese tempo, de non aceptarse a invitación, o xogador visitante perderá o encontro por tres goles a cero (3 – 0) e será desclasificado por non presentado, perdendo a posibilidade de entrar no sorteo final de agasallos.

Así mesmo, de comprobarse que o xogador “local” non envía a “invitación” correspondente ó “visitante” nesa marxe de tempo (10 min), perderá o encontro por tres goles a cero e será desclasificado nos mesmos termos que no exposto no parágrafo anterior para o “visitante”.

10) DESENVOLVEMENTO DO XOGO

O partido se xogará ata o final do mesmo. En caso de finalizar cun empate, os xogadores deberán iniciar un partido novo que rematará cando un dos equipos consiga un gol, que será o “gol de ouro” que romperá o desempate e permitirá seguir na competición ó equipo que o acadase.

11) FAIRPLAY, CELEBRACIÓNS E REPETICIÓNS

Recoméndase a práctica do xogo limpo, respectuoso e de lícita competitividade entre rivais, recomendando favorecer que se vexan as celebracións correctas dos goles, permitindo ver as repeticións dos mesmos, etc., segundo o automatismo establecido no xogo, para permitir maior disfrute a aqueles que poidan estar vendo o partido mediante streaming.

12) FIN DO PARTIDO

Finalizado o encontro cun vencedor, ambos xogadores deberán enviar unha foto co resultado final do partido ó Email do Torneo formulario.esports@coruna.es

O equipo que resultase perdedor deberá enviar tamén a foto final (como mostra de recoñecemento e de xogo limpo) que será o que lle permita participar no sorteo final de agasallos.

Se algún participante non enviara a foto do final ou se desconectase durante un partido, será descualificado non podendo entrar tampouco no sorteo final do Torneo.

En caso de incidencia técnica allea ós xogadores, por corte de subministro eléctrico, de caída da rede de internet, servidores, etc., se determinará a decisión final que prevalecerá, ben sexa proclamando un gañador, repetindo ou aprazando o encontro, etc., valorando sempre a repercusión particular, parcial ou xeral da incidencia e aquelas outras circunstancias que se poidan ter en conta no seu momento.



13) SEGUINTES ROLDAS

Finalizados os partidos de cada rolda, e cos resultados recibidos, sortearase a seguinte, comunicando os novos partidos e horarios ós participantes clasificados.

Durante os partidos e as roldas non se terán en conta as posibles expulsións e/ou acumulación de tarxetas amarelas. Un xogador expulsado pode xogar o partido seguinte, e incluso en caso de desempate o partido novo se xogaría partindo de cero, sen expulsados, amoestados, etc.

14) AJUSTES DE TWICHT E PARÁMETROS DO XOGO PARA STREAMING

Poderase ter en conta a posibilidade de retransmitir encontros vía streaming (entre aqueles participantes que dispoñan de conta activa en *Twitch*) a través dos diferentes medios, plataformas, webs, etc., que se anunciarán no seu momento.

Durante as roldas de clasificación ata chegar ás semifinais, os partidos serían retransmitidos cos propios sons e comentarios do xogo FIFA 20. Así, por parte do xogador que figurase como “local” no encontro que se vaia retransmitir haberá que personalizar os axustes no xogo do seguinte xeito:

Axustes FIFA 20

Imos a: Personalizar - Ajustes - Ajustes del Juego

Premendo R2 imos a “Audio”

Premendo R1 imos a “Sonido Partidos”

“Volumen de los comentarios” e “Volumen del ambiente del estadio” deberán estar ó máximo nivel.

Axustes Twitch

No mando da PlayStation, prememos “*share*” e “*Transmitir la partida*”

Deberá estar desactivado:

- ☐ Sin cámara
- ☐ Sin micro
- ☐ Sin mensajes

Poderanse corrixir, modificar e/ou indicar as especificacións necesarias que permitan unha óptima retransmisión e difusión vía streaming dos encontros seleccionados, nos medios que se establezan.

15) DESCONEXIÓN TRANSMISIÓN STREAMING

Cando finalice un encontro que teña sido emitido por streaming, unha vez enviadas as fotografías do resultado final polos xogadores, o que figure como local deberá deixar de transmitir a partida. Para elo, deberá pulsar el botón “*share*” no mando da PlayStation 4 e logo premer en “*Fin Transmisión*”.



Na rolda de semifinais, e na final estes axustes deberán modificarse como se indica especificamente no punto 21 (STREAMING SEMIFINAIS E FINAL) deste Regulamento.

16) SEMIFINAIS, TERCEIRO E CUARTO POSTO E GRAN FINAL

Unha vez resolto todo o concernente ó número definitivo de participantes, cruce de grupos, roldas, etc., chegarán ás semifinais os 4 mellores xogadores que se teñan clasificado ata ese momento.

Sortearanse os cruces de semifinais e se fixará a hora dos encontros resultantes do sorteo.

As semifinais se xogarán unha despois da outra e tras elas, na mesma xornada, se xogará o partido para determinar o terceiro e o cuarto posto, e a gran final que determinará ó Campión do Torneo.

17) CAMPIÓS:

Primeiro clasificado:

PlayStation 5, que se lle entregará cando este dispositivo estea dispoñible.

Xogo FIFA 21, que se lle entregará en canto esta edición do xogo estea dispoñible.

Invitación para xogar un partido de exhibición de FIFA 20 contra o gañador do partido de FIFA 20 disputado por futbolistas profesionais que xogarán o R. C. Deportivo contra o R. C. Celta de Vigo dentro do Torneo eSports Cidade de A Coruña. Comunicarase convenientemente a data de celebración dese encontro que tamén poderá ser retransmitido vía streaming.

Segundo Clasificado:

PlayStation 5, que se lle entregará cando este dispositivo estea dispoñible.

Xogo FIFA 21, que se lle entregará en canto esta edición do xogo estea dispoñible.

Terceiro Clasificado:

PlayStation 5, que se lle entregará cando este dispositivo estea dispoñible.

Cuarto Clasificado:

Xogo FIFA 21, que se lle entregará en canto esta edición do xogo estea dispoñible.

Vale para unha subscrición anual de PlayStation Network que se lle entregará xunto co xogo citado.

Comunicarase, en canto sexa posible facelo, a data e o lugar nos que se levará a cabo o acto cos campións, que terá carácter presencial e que tamén será comunicado para a súa maior difusión.

18) SORTEO ENTRE O RESTO DE PARTICIPANTES

Finalizado o Torneo, sortearase entre o resto de participantes que non teñan sido descalificados, o seguinte:



Dúas consolas PlayStation 5, que se entregarán cando estes dispositivos estean dispoñibles.

10 Unidades do xogo FIFA 21, que se entregarán en canto esta edición do xogo estea dispoñible.

10 Vales para unha subscrición anual de PlayStation Network que se entregarán cando se entreguen o resto de premios sorteados.

A empresa coorganizadora MGS (Maritime Global Services) facilitará os agasallos enumerados nos apartados 17 e 18

19) PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, infórmase de que o responsable do tratamento dos datos declarados é o Concello da Coruña, e tendo como finalidade os usos previstos exclusivamente neste Regulamento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais declarados poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Pza. de María Pita, 1), nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da citada Lei orgánica 15/1999.

20) STREAMING SEMIFINAIS E FINAL

Como se indicaba no punto 15 do presente Regulamento, poderá levarse a cabo a retransmisión vía streaming (por diferentes medios, plataformas, webs, etc., que se comunicarán no seu momento) a xornada de semifinais, o encontro de terceiro e cuarto posto e a Gran Final, recibindo o sinal desde a plataforma *Twitch* por parte dos xogadores “*locais*” de cada encontro.

Así, por parte do xogador que figurase como “local” no encontro que se vaia retransmitir haberá que personalizar os axustes no xogo do seguinte xeito:

Axustes FIFA 20

Imos a: Personalizar - Ajustes - Ajustes del Juego

Premendo R2 imos a “Audio”

Premendo R1 imos a “Sonido Partidos”. “Volumen de los comentarios” deberá estar a cero.

Axustes Twitch

No mando da PlayStation, prememos “*share*” e “*Transmitir la partida*”

Deberá estar desactivado:

- ☐ Sin cámara
- ☐ Sin micro
- ☐ Sin mensajes

Poderanse corrixir, modificar e/ou indicar as especificacións necesarias que permitan unha óptima retransmisión e difusión vía streaming dos encontros seleccionados, nos medios que se establezan.



21) DESCONEXIÓN TRANSMISIÓN STREAMING

Cando finalice un encontro que teña sido emitido por streaming, unha vez enviadas as fotografías do resultado final polos xogadores, o que figure como local deberá deixar de transmitir a partida. Para elo, deberá pulsar el botón “*share*” no mando da PlayStation 4 e logo premer en “*Fin Transmisión*”.

22) DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN

Disporanse as ferramentas, sistemas, plataformas, medios, etc., desde os que difundir, anunciar ou manter informados ós participantes dos calendarios, roldas, resultados, etc., que serán debidamente comunicados para o seu coñecemento público.

23) INCIDENCIAS REGULAMENTO

De ser necesaria algunha ampliación, modificación, corrección ou aclaración do presente regulamento durante o desenvolvemento do Torneo, comunicarse a todos os participantes activos no momento que tal cousa aconteza, sen que os posibles eliminados anteriores á tal circunstancia teñan opción a reclamación algunha sobre a súa eliminación.